



Concello de Meaño

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA, A XORNADA PARCIAL, DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS DESEMPREGADOS/AS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVICIO “CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS” AO ABEIRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA 2026- LIÑA 3. ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026

- COIDADOR/A TERCEIRA IDADE, EN XERAL. Oferta 12-2026-2851

EXPTE: 204/2026

ESTUDO DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS A ANUNCIO DE 07/05/2026 EN RELACIÓN CO RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO

Reunido o 12/05/2026 o tribunal do referido proceso selectivo, para o estudo das alegacións presentadas ó anuncio do 07/05/2026, relativo á valoración da fase de oposición, fase de concurso puntuación final e proposta de contratación.

No citado prazo de dous días hábiles (do 8 a 11 de maio 2026, ámbolos dous incluídos), presentou alegación Dona Dolores Triñanes Caneda, segundo a cal *“Estar en desacuerdo con la selección por el puesto de Atención a mayores del centro de día de este Municipio, a penas tuve tiempo para redactar, tenía exàmen y opositando (...) que en el apta ni siquiera se pone a todos los asistentes, que deberían aparecer y ver dichas puntuaciones (...)”*.

No proceso selectivo para a selección de 1 Coidador/a terceira idade, realizado o 06/05/2026 (fase oposición proba teórico/práctica, obrigatoria e eliminatoria) **Dona Dolores Triñanes Caneda, obtivo unha puntuación de 1 punto**, polo que non superou a fase de oposición e non procede a súa participación na fase de concurso, de conformidade co disposto na base quinta das bases reguladoras do proceso selectivo, segundo as cales:

“A.-FASE DE OPOSICIÓN:

Consistirá nunha PROBA TEÓRICO/PRÁCTICA. Obrigatoria e eliminatoria.

A proba teórico práctica, segundo determine o tribunal, consistirá na realización dun exercicio escrito ou práctico con preguntas relacionadas co temario que figura como Anexo I e posto de traballo ao que aspira.





Concello de Meaño

Cualificarase entre 0 e 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para a súa superación e pasar a seguinte proba.

B.-FASE DE CONCURSO: Posterior á fase de oposición e na que se valorarán os seguintes apartados:

Unicamente se valorarán os méritos que figuren no currículo que de cada candidato/a remita o Servizo Público de Emprego, podendo requirir o tribunal que presenten xustificación documental dos mesmos.

(...)

Por canto antecede, o tribunal, por unanimidade dos membros, acorda desestimar integramente as alegacións formuladas por Dona Dolores Triñanes Caneda, confirmando, en consecuencia, as valoracións da fase de oposición e fase de concurso, as puntuacións finais e a proposta de contratación recollidas no anuncio publicado con data do 07/05/2026.

Aspirante	FASE OPOSICIÓN Proba práctica	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
RIBADOMAR CORES, JOSEFINA	5,5	0,95	6,45

Formulándose a seguinte proposta de contratación, atendendo ao número de prazas a seleccionar de **1 COIDADOR/A TERCERIRA IDADE, EN XERAL:**

- RIBADOMAR CORES, JOSEFINA

En Meaño,

A secretaria do tribunal

Alejandra Rodriguez Cortegoso

A presidenta do tribunal

Trinidad Lorenzo Lema

